

O Museo Reina Sofía é unha institución pública dedicada a explorar a modernidade e achegar a arte contemporánea á sociedade mediante exposicións, programas públicos, actividades educativas e proxectos de investigación entendidos como espazos de pensamento e transformación.

Durante a vosa visita, poderedes descubrir obras e documentos que dan conta da diversidade artística e o seu potencial como motor de cambio social. Convidámosvos a percorrer tanto a Colección como as exposicións temporais.

Doutra banda, lembrámosvos que o Museo está en proceso de reorganización das súas Coleccións até 2028, polo que algunhas salas poden estar pechadas temporalmente ou certas obras recolocadas.

COLECCIONES - EXPOSICIÓNS

2 OFICINAS 1 EXPOSICIÓNS 0 EXPOSICIÓNS Pechado temporalmente ENTRADA ↓ SALIDA ↑	COLECCIÓN COLECCIÓN EXPOSICIÓNS EXPOSICIÓNS Pechado temporalmente ENTRADA ← SALIDA → C/ SANTA ISABEL, 5
↓ EDIFICIO NOUVEL	↓ EDIFICIO SABATINI
PLANTA 3 COLECCIÓN Unha orde distinta. Xeometría utópica e arte cinético nas terrazas	PLANTA 4 EXPOSICIÓNS
PLANTA 3 COLECCIÓN Pechado temporalmente. Reapertura en 2027	PLANTA 3 COLECCIÓN Pechado temporalmente. Reapertura en 2027
	PLANTA 2 COLECCIÓN Territorios de vangarda: cidade, arquitectura e revistas Guernica - Sala 205.10
PLANTA 1 EXPOSICIÓNS	PLANTA 1 COLECCIÓN EXPOSICIÓNS
PLANTA 0 EXPOSICIÓNS Pechado temporalmente	PLANTA 0 EXPOSICIÓNS Pechado temporalmente

Plano información 

OUTRAS SEDES

Plano información

OUTRAS SEDES

As sedes do Palacio de Cristal e o Palacio de Velázquez están pechadas por labores de restauración até 2027, pero a programación continúa coa intervención en lona exterior de **Miguel Ángel Tornado. Gran Friso** no Palacio de Cristal.

HORARIOS

Sede Principal. Edificio Sabatini - Edificio Nouvel	
Luns	10:00 - 21:00 h
Martes	Pechado
Mércores - sábado	10:00 - 21:00 h
Domingo	10:00 - 14:30 h
Festivos. Días de peche	
Último acceso: 30 minutos do horario de peche.	
Desaloxo de salas: 15 minutos antes do peche	
Entrada de balde	
Luns	19:00 - 21:00 h
Mércores - sábado	19:00 - 21:00 h
Domingo	12:30 - 14:30 h
18 de abril, 18 de maio, 12 de outubro e 6 de decembro	10:00 - 21:00 h
Descargue aquí a súa entrada en horario gratuíto	

TARIFAS

Individual	
Entrada xeral	12 €
Entrada xeral con audioguía	16,50 €
Consultar outras tarifas. Tamén reducidas e de balde	
Grupos	
Más info visita de grupos	
Mínimo 8 persoas máximo 30, inclúe guía, profesorado, responsable do grupo.	
Obrigatorio o uso de radioguía se se desexa realizar explicacións nas salas a maiores de 12 anos.	
Abono Paseo del Arte	32,80 €
Tarxeta Anual Museos Estatais	36,06 €

MEDIACIÓN Y ACTIVIDADES

Cada día, a programación de Mediación ofrece visitas comentadas en diversos formatos, que abarcan tanto a Colección como as exposicións temporais do Museo, así como outras propostas que dialogan cunha idea ampliada de mediación cultural.

Ademais, o Museo ofrece un programa de actividades públicas que fomentan o diálogo ó redor das exposicións, a Colección e temas de actualidade.

ACCESIBILIDADE

O Museo, no seu compromiso coa accesibilidade universal, traballa na mellora constante dos seus servizos e no desenvolvemento dunha programación educativa baseada no principio de deseño para todos.

Entre os recursos dispoñibles, o Museo conta con cadeiras, bastóns e cadeiras de rodas, rampas, aseos adaptados e aparcadoiros reservados para vehículos adaptados. Ademais, dispón de bucles magnéticos, lazos de indución, signoguía, audioguías con audiodescricións e visitas guiadas especialmente deseñadas para persoas con discapacidade visual, auditiva e intelectual.

ACCESO

Permítese acceder con bolsos pequenos para obxectos persoais e mochilas de tamaño reducido (máximo 40x30x10 cm), sempre que estas se leven na parte dianteira do corpo.
Non se permite o acceso ó Museo con maletas, mochilas grandes ou obxectos voluminosos. Tampouco está permitido depositalos nas consignas se superan os 50 cm no seu lado maior.
Así mesmo, poden acceder cans guías e de asistencia coa acreditación correspondente.
Non está permitida a entrada de animais.

VISITA

O Museo dispón de zonas de descanso no claustro, no xardín do Edificio Sabatini e nas terrazas do Edificio Nouvel.

Se precisa usar as cadeiras de roda e as cadeiras bastón diríxase ós mostradores de información.

Máis info en:
www.museoreinasofia.es